



**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

**ACTA NÚM. 06/2012 DA SESIÓN DA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO DO DÍA 01 OUTUBRO DE 2012**

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, na parroquia de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás quince horas e trinta e cinco minutos do día un de outubro do ano dous mil doce, reúnense a Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (PP), para celebrar sesión en primeira convocatoria.

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (PP).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ (PP).
- D<sup>a</sup>. MARÍA DOLORES DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ. (PP).
- D. PABLO NOVO GONZÁLEZ (BNG).

Asiste tamén o Interventor da Entidade D. Miguel González López-Mosquera.

Actúa como Secretario Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día circulada ó efecto.

**1. ACTAS Nº 4/2012 DE DATA 02-07-2012 E Nº 5/2012 DE DATA 20-09-2012.**

Non habéndose formulado observación algunha a acta número 04/2012, de 02 de xullo de 2012, considerase aprobada por unanimidade.

Con respecto a acta nº 5 de data 20 de setembro de 2012 o vocal do BNG, Sr. Novo González, manifesta que non asistiu a sesión ese día porque non recibiu a comunicación en tempo e forma.

Seguidamente a Presidencia somete á votación a aprobación da acta nº 5 de data 20 de setembro de 2012, quedando aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 4 DE MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ, DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ, E MARÍA DOLORES DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (PP).

**VOTOS EN CONTRA :** 1 DE PABLO NOVO GONZÁLEZ (BNG).

**2. CONTA XERAL DO EXECICIO 2011.**

Consta no expediente proposta da Alcaldía Pedanía de data 25 de setembro de 2012, que di:

*“Formada a Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio 2011 e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, na súa sesión de 2 de xullo de 2012, foi exposta ó público para que os interesados poidesen presentar as alegacións, reparos ou observacións que considerasen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas*



**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

Locais. Non habéndose presentado éstas no prazo sinalado no mencionado artigo, esta Alcaldía propón o Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

*Único: Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2011."*

Intervén o vocal Sr. Novo González (BNG) para preguntar si estivo exposta no taboleiro de edictos da Entidade .

O Alcalde Pedáneo responde que se fixo a exposición correspondente no BOP.

A continuación se somete a votación ordinaria a aprobación da conta xeral do orzamento do exercicio 2011, quedando aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 4 DE MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ, DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ, e D<sup>a</sup>. MARÍA DOLORES DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (PP).

**VOTOS EN CONTRA:** 1 DE PABLO NOVO GONZÁLEZ (BNG).

### **3. ORZAMENTO DO EXERCICIO 2012.**

Consta no expediente do presuposto memoria Alcaldía-Pedanía e proposta de aprobación de aprobación do orzamento da Entidade Local Menor de Chenlo para o exercicio 2012, de data 17 de setembro de 2012, que di:

*"En cumprimento do disposto nos artigos 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 18.1 a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, formúlase a seguinte memoria explicativa do Orzamento para o exercicio 2012.*

*O Orzamento da Entidade Local Menor de Chenlo ascende a 139.163,24 euros, tanto en gastos como en ingresos, co seguinte resumo por Capítulos:*

<b>INGRESOS</b>			<b>GASTOS</b>		
<b>CAP.</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>euros</b>	<b>CAP</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>euros</b>
1	IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	1	GASTOS DE PERSOAL	68.120,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	56.993,24
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	200,00	3	GASTOS FINANCEIROS	150,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	85.000,00	4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	53.963,24			
6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS REAIS	0,00	6	INVERSIÓNS REAIS	13.900,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00	9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>139.163,24</b>		<b>TOTAL</b>	<b>139.163,24</b>



## Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

*O contido fundamental do orzamento para o exercicio 2012 e as variacións que contén con respecto a exercicios anteriores é o seguinte:*

### *Estado de gastos.-*

*No Capítulo 1 recóllense os gastos de persoal da Entidade Local Menor de Chenlo. Como principal novidade con respecto ó exercicio anterior cabe sinalar que se incrementan as retribucións da adicación exclusiva da Vocalía de Vías e Obras que pasa a ter unhas retribucións brutas de 15.600 euros anuais.*

*Asimesmo, consígnanse as retribucións dos funcionarios do Concello do Porriño encargados das funcións da Secretaría e Intervención desta Entidade, así como as retribucións do persoal de cooperación social para a realización do proxecto "Protección e mantemento do entorno natural e Patrimonio", subvencionado pola Xunta de Galicia.*

*Non se consigna cantidade algunha para atender os gastos por asistencia dos vogais a órganos colexiados da Entidade Local Menor de Chenlo, toda vez que se modifica a Base 17 das de Execución do Orzamento, quedando coa seguinte redacción: "Os membros da Corporación sen dedicación exclusiva ou parcial, non percibirán indemnización algunha por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Entidade Local Menor de Chenlo."*

*No Capítulo 2 dótanse créditos para atender suficientemente ós diferentes gastos correntes necesarios para o mantemento da Entidade.*

*No presente exercicio non se concederán subvencións por parte da Entidade Local Menor de Chenlo.*

*No capítulo 6 recóllense aquelas inversións que se esperan realizar durante o exercizo.*

### *Estado de ingresos.-*

*En relación cos ingresos consígnanse aqueles que se esperan obter ó longo do exercizo, sendo os máis fundamentais os procedentes das subastas de madeira do monte da Entidade, ingresos de canteira, así como subvencións que se prevé recibir e cuxa liquidación se prevé durante o exercizo.*

*Por todo isto, PROPOÑO:*

- ❖ *Aprobar provisionalmente o Orzamento xeral da Entidade Local Menor de Chenlo para o exercizo 2012.*
- ❖ *Aprobar as Bases de execución que se xuntan a este Orzamento.*
- ❖ *Aproba-las novas retribucións da adicación exclusiva da Vocalía de Vías e Obras.*
- ❖ *Que dito Orzamento xeral sexa exposto ao público por un prazo de quince días hábiles, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da Entidade, durante o cal os interesados poderán examinalo e presenta-las reclamacións ante a Xunta Veciñal, en cumprimento do disposto nos artigos 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.*
- ❖ *O Orzamento xeral considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior; se durante o citado período non se presentan reclamacións e entrará en vigor, no exercizo correspondente, unha vez publicado o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia.*



## Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

- ❖ *Os expedientes de modificación orzamentaria mediante transferencias de crédito 1/2012 e 2/2012 efectuado sobre o Orzamento prorrogado considérase incluído nos créditos iniciais do Orzamento definitivo, debendo procederse á anulación do mesmo.*

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía Pedanía, anteriormente transcrita, quedando aprobada por unanimidade.

### 4. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PEDANÍA.

Pola Presidencia dáse conta da relación sucinta, de data 07-09-2012, de resolucións ditadas pola alcaldía pedanía, desde o día 25 de maio ata o día 02 de agosto de 2012, ámbolos dous inclusive, que tamén inclúe coma pendente un decreto, que constan na mesma, de 04-05-2012; da que se entregou copia aos membros dos grupos políticos do BNG e do PP.

### 5. CONTROL POLÍTICO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO:

#### A) MOCIÓN.

O amparo do artigo 91.4 do R.O.F. sométese directamente a coñecemento desta Xunta Veciñal, as seguintes mocións:

#### 1.ª DEFENSA PARA CONSEGUIR A PERMANENCIA DAS 3.725 ENTIDADES LOCAIS MENORES QUE SE PRETENDEN SUPRIMIR CO ANTEPROXECTO DE LEI DE RACIONALIZACIÓN E SOSTENIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

O Alcalde Pedáneo (PP), Sr. Lorenzo Alonso di que ante a aprobación da conta xeral do exercicio 2011, feita nesta sesión, e dado que esta Entidade Local Menor rende sempre as contas e polo que presento, por escrito, a seguinte moción que paso a ler:

“Consideraciones respecto al Anteproyecto de Ley de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración, en lo referente a la posibilidad de supresión de las 3.725 Entidades Locales Menores existentes, nuestra defensa para conseguir su permanencia será aportada en la siguiente exposición:

Históricamente el nacimiento de las Entidades locales menores, va unido a la defensa de los intereses económicos de los Pueblos.

Pero cuando encontramos por primera vez la definición expresa de Entidades Locales Menores y la declaración de su personalidad es en el Estatuto Municipal de 8 de marzo de 1.924, tomando la denominación y el concepto del Derecho italiano, y definiendo a las Entidades Locales Menores como “*los anejos, parroquias, aldeas, caseríos y poblados que dentro de un municipio y constituyendo núcleos separados de edificaciones, formen conjunto de personas y bienes con derechos e intereses peculiares y colectivos diferenciables de los generales del municipio*”.

Del Reglamento sobre Población y Términos Municipales de 2 de julio de 1.924 destacar que reconoce como Entidades Locales Menores a las unidades poblacionales que dentro de la terminología de la Ley de 1.877 venían funcionando como anexos o agregados.

La Ley Municipal de la República, de 31 de octubre de 1.935, reconoció la existencia de las Entidades Locales Menores y reguló su constitución en los arts. 18 a 22, señalando en el art. 21 que “*no podrán constituirse en Entidades Locales Menores los pueblos que sean cabeza o capital de término municipal*”. Este precepto rompe con la tradición anterior porque hasta la fecha se toleró e incluso se ordenó la constitución de Juntas Vecinales en lugares cabeza del municipio.



## Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLE.: 608 88 62 22

Al iniciarse el desarrollo del país después de la posguerra, las nuevas técnicas de explotación agrícola y forestal dieron al traste con la función tradicional de los bienes vecinales e introdujeron la revalorización de unos terrenos, presionando sobre la ampliación de los cultivos agrícolas a costa de las superficies forestales en unos casos, y en otros, introduciendo nuevas y rentables plantaciones sobre pastizales o baldíos (mucho tiempo más tarde veríamos como el turismo haría aumentar de forma prodigiosa el valor de algunos de esos terrenos de propiedad colectiva con un enclave privilegiado y atractivo, ello sin olvidar el atractivo urbanístico de, al menos, los pertenecientes a Juntas Vecinales del entorno o alfoz de grandes poblaciones o de localidades con demanda residencial por las más variadas razones).

Los propios bienes comunales comenzaron a sufrir un doble acoso, tanto por parte del Municipio en el que se enclavaban, como por parte de algunos vecinos que instaban veladamente a su apropiación personal.

La Ley de Régimen Local de 24 de junio de 1.955 no sólo reconoce a las Entidades locales menores, sino que, además, expresamente les da carácter de entidades municipales en el art. 10, y en el art. 4 dispone que la representación legal de las Entidades locales menores corresponderá a su Junta Vecinal. Igual que la Ley de 1.935, la Ley de Régimen Local de 1.955, en el art. 26, prohíbe al núcleo cabeza del Ayuntamiento constituirse en Entidad local menor, prohibición que reproduce el art. 48 del Reglamento de Población y Demarcación Territorial.

Dicha Ley reguló la posibilidad de constituir las Entidades Locales Menores en los caseríos o poblados que bajo la denominación de parroquias, lugares, anteiglesias, barrios, anejos y otras semejantes formen núcleos separados de edificaciones, familias y bienes, con características peculiares dentro de un municipio. En los lugares separados también podrían constituirse entidades locales diferenciadas cuando se suprimiera el municipio al que pertenecían. Igualmente podían constituirse Entidades Locales Menores cuando, por tratarse de núcleos urbanos de nueva creación, se considerara necesario dotarlos de administración propia, así como cuando por alteración de términos municipales pasasen dichos núcleos a formar parte de otros municipios. Y, en general, en cualquier caso en que lo solicitara la mayoría de los vecinos residentes.

A partir de la Constitución de 1.978 y del nuevo régimen de ella surgido se hace necesaria la revisión y transformación de las instituciones públicas y a ello no son ajenas las Entidades Locales Menores. Estas no son mencionadas en la Constitución, pero, al no prohibirlas, se abría la puerta a su reconocimiento si así lo establecía la legislación, bien general o los Estatutos de Autonomía.

La Ley 7/85 de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, considera a las Entidades Locales Menores como entidades locales, por cuanto tienen **elementos similares** a las Entidades Territoriales, tales como el territorio, la población y la organización, y **actúan como personas jurídicas públicas independientes**, con plena capacidad para el ejercicio de sus atribuciones.

En la actualidad estas entidades están expresamente recogidas en la citada Ley, sus Reglamentos y disposiciones complementarias, donde se contempla ampliamente su reconocimiento dentro del término de un Municipio, con personalidad jurídica propia, y con un complejo mecanismo de constitución, creación y disolución, cuya regulación en última instancia ha sido transferida a las Comunidades Autónomas.

Las Juntas Vecinales son hoy el más pequeño eslabón del complejo sistema administrativo español, tras la administración central, los gobiernos autónomos, las diputaciones, las mancomunidades y los ayuntamientos.

La importancia de las Entidades Locales Menores se debe al arraigo social que tienen entre el vecindario que se siente más próximo e integrado en la Junta Vecinal que en el Ayuntamiento.

Cabe destacar que las Juntas Vecinales, mantienen su afán de llevar a cabo actuaciones públicas constantes: ejecuciones de obras, reforestaciones de montes, mejoras de servicios. Para ello dependen en buena medida de los ayuntamientos, de las diputaciones y de las comunidades autónomas.



## Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

Hoy la existencia de la Entidad Local Menor, con independencia de cuál sea su denominación, constituye un fenómeno que bien puede calificarse de universal. Desde el traslado del Derecho municipal a América en el siglo XV con toda plenitud, persisten las Entidades locales menores iberoamericanas.

Ya en el ámbito territorial europeo, prueban igualmente dicha universalidad el hecho de que existan grandes semejanzas entre las Entidades locales menores de España y la aldeia o el povo en Portugal, la parroquia civil en Inglaterra, la borgata o frazioni en Italia, las sections des communes en Francia o las parroquias en Suiza, siendo la característica común a todas ellas el tener un elemento territorial.

Las Entidades Locales Menores constituyen una administración local, con personalidad jurídica propia. Son un elemento configurador de la identidad de los Pueblos, de acervo cultural del patrimonio identitario, con unos rasgos diferenciados y una distancia en algunos casos al Municipio bastante considerable.

Herederas directas del concejo abierto, forma en que la democracia se practica directamente por los propios vecinos, vienen gestionando los bienes "del pueblo", o los bienes "del común en algunas Provincias", como es el caso de montes, pastos, leña, caza, cementerios, agua, fiestas, y en otros casos todo un paquete competencial más amplio etc., con probada eficacia hasta nuestros tiempos. Las juntas vecinales constituyen la administración más próxima a los vecinos y son numerosos los pueblos donde, en la actualidad se sigue practicando, como siglos atrás, el concejo abierto, en muchos casos en las más pequeñas, y como Juntas Vecinales en otras muchas.

Pretender la supresión de estas instituciones señeras supone, antes que nada, desconocer una realidad, fundamentalmente arraigada en todo el territorio Nacional, que, en otras partes del mundo de poseerla, tendría la consideración de tesoro cultural.

Serán absorbidas por los municipios de los que dependan. Esta medida generará, en nuestra opinión, un conflicto al menos en cuanto a la gestión y explotación de los bienes de las Juntas Vecinales y Parroquias, especialmente de los campos comunales, cuyo aprovechamiento corresponde al "común de los vecinos". Esta medida contribuirá al despoblamiento del mundo rural.

### CONCLUSIONES:

Que según el informe sobre el Anteproyecto de Ley de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local, más del 71,3 por 100 de las mancomunidades y más del 70 por 100 de las entidades locales menores no cumplen con su obligación de presentar sus cuentas anuales suprimir las 3.725 entidades locales menores existentes no creemos que sea la solución su supresión el problema de España.

Creemos se deberían revisar las administraciones que no cumplan con dichos requisitos imprescindibles para la transparencia, confianza, y derecho de todos los ciudadanos para libre acceso a las cuentas generales anuales de cada una de las administraciones.

Creo que lo más necesario en los momentos por los que vivimos es poder tener la confianza y cercanía de los ciudadanos, y el reflejo sería tener al día las cuentas generales y publicarlas.

Solicito que no se eliminen las Entidades Locales Menores por ser la administración más cercana a los vecinos, los cuales les facilitamos los servicios básicos, así como atención a todo tipo de sugerencias, quejas, anomalías... y pondríamos en peligro el mantenimiento de unas poblaciones con eminente carácter rural al perder la identidad propia esas entidades locales menores y mermar los servicios de proximidad y atención al ciudadano, las infraestructuras, las inversiones, la riqueza local, que disponen en la actualidad, asimismo no estaríamos cumpliendo con la voluntad de estas Entidades y sus vecinos.

Todo esto puede darse, si reflexionamos que las Entidades Menores fueron creadas por la descentralización de las parroquias existentes como Entidades.



**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TEL.F.: 608 88 62 22

Creo que lo más importante es dejar permanecer toda aquella administración que cumpla los requisitos para serla, y sobre todo que cumpla con las demandas y servicios que le encomienda la ciudadanía.

Por todo lo expuesto,

SOLICITAMOS SE MANTENGAN LAS ENTIDADES LOCALES MENORES, SE CLARIFIQUEN COMPETENCIAS, SE CLARIFIQUEN INGRESOS, SE BUSQUE EL CUMPLIMIENTO DE LA RENDICIÓN DE CUENTAS, FLEXIBILIDAD EN LAS ATRIBUCIONES QUE CONTEMPLAN LAS LEYES PARA DICHAS ENTIDADES POR DISPONER DE MENOS RECURSOS, PERO SOBRE TODO QUE DEJEN SEGUIR HACIENDO SU LABOR DE LA ADMINISTRACION MÁS CERCANA."

Rematada a lectura o Alcalde Pedáneo propón a esta Xunta Veciñal en pleno adopte o seguinte **ACORDO:**

Aprobar a anterior moción e remitir este acordo de aprobación da mesma ao Concello do Porriño á Deputación provincial de Pontevedra, ao Goberno da Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado Español.

A continuación o Presidente somete a votación ordinaria a **declaración de urxencia** da moción quedando **aprobada por unanimidade**.

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria a anterior proposta de acordo formulada polo Alcalde Pedáneo resultando **aprobada por unanimidade**.

2º. REXEITAMENTO DA SUPRESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS MENORES

O vocal Sr. Novo González (BNG), le a moción epigrafiada, que presentou por escrito no rexistro da Entidade o día 28-08-2012, baixo o núm. 9, que literalmente di:

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*No informe sobre o Anteproxecto de Lei de "Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local" proposto polo goberno central, contéplase a eliminación das Entidades Locais Menores, pasando os seus bens aos concellos aos que pertencen, bens que no noso caso son na actualidade patrimonio dos veciños e veciñas de Chenlo.*

*Estas Entidades son as mais próximas aos cidadáns, e polo tanto, as que mellor poden entender os problemas e as necesidades destes e, en consecuencia, no caso de traballar en beneficio dos intereses dos veciños e veciñas, aportar as solucións mais acidas e da forma mais eficiente, actuando como verdadeiros interlocutores entre particulares e administracións. No caso da Entidade de Chenlo, a pesares de estar actualmente sempre pechada e non prestar Servizo ao vecindario, entendemos que algún día, de existir vontade política, ben pudiera cumprir este papel.*

*Ao longo dos anos, as entidades menores souberon conservar ó seu patrimonio dándolle un uso do que se beneficiaron os veciños e veciñas. Ademáis, a maioría destas non se atopan endebedadas; e en moitos casos están menos politizadas que os municipios. Ademáis consideramos que a medida terá un nulo efecto na contención do gasto público.*

*É unha medida que pretende recortar de modo drástico os instrumentos de participación cidadá, vulnerando a autonomía local e as competencias doutras administracións como a autonómica, que é a quen lle corresponde regular este aspecto.*

*É polo que este vogal solicita do Pleno da Xunta Veciñal a adopción do seguinte:*



**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n,  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TEL.º: 608 88 62 22

**ACORDO**

— *Rexeitar as medidas de recorte do goberno central onde se pretende suprimir as Entidades Locais Menores.*

— *Instar a todos os partidos políticos á presentación de mocions en defensa destas Entidades Menores en Concellos, Deputacións e no Parlamento de Galicia.; facéndollas chegar ao Goberno do Estado.*

— *Convocar aos veciños e veciñas da parroquia para informalos da situación e das medidas a adoptar pola Entidade Local Menor de Chenlo.*

— *Convocar a todas a Entidades Menores existentes en Galicia para realizar un frente común ente estas medidas do goberno central."*

Rematada a lectura o Presidente somete a votación ordinaria a **declaración de urxencia** da moción quedando aprobada por unanimidade.

De seguido o vocal Sr. Novo González (BNG), di que esta moción se meteu no rexistro da Entidade o día 28 de agosto do ano en curso e pregunta a Presidencia por qué non se incluíu no orden do día.

O Alcalde Pedáneo, Sr Lorenzo Alonso (PP), responde porque é miña competencia e considerei que non era necesario.

O vocal Sr. Novo González (BNG), pregúntalle ao Sr. Alcalde Pedáneo, ¿Si ti es un defensor da Entidade por qué aquí votas a favor e no concello do Porriño en contra?.

O Alcalde Pedáneo, Sr Lorenzo Alonso (PP), contesta que eu defendo a miña Entidade que cumpre co rendemento das contas anuais e demais obrigas e como no concello do Porriño se querfan suprimir a Deputación de Pontevedra que é a administración que máis apoiou a esta entidade no meu mandato, por iso votei en contra.

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria o **fondo da moción** quedando rexeitado co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 1 PABLO NOVO GONZÁLEZ (BNG).**

**VOTOS EN CONTRA: 4 MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ e MARÍA DOLORES DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (PP).**

*-Antes de pasar ao seguinte punto do orden do día, rogos e preguntas, se ausenta do salón de sesións , coa venia da Presidencia, o Sr. Interventor.-*

**B) ROGOS E PREGUNTAS.**

**ROGOS:**

Non se formula ningún.

**PREGUNTAS:**

O vocal Sr, Novo González (BNG), le as seguintes preguntas, que presenta por escrito, que din:





**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

1ª. *¿O presidente da Entidade deu autorización a empresa Consulting de Geología e Minería, S.L., para facer o estudio de investigación de terras raras e a súa posterior explotación mineira, que ocupa na maior parte monte de Chenlo, Pontellas e Mos, na denominada Serra do Galiñeiro?. Van vostedes a presentar algún tipo de recurso para defender o patrimonio do pobo?. Van Convocar ó pobo para informalo?.*

O Alcalde Pedáneo, Sr. Lorenzo Alonso (PP), manifesta que pode contestar ou non agora ou contestar por escrito.

O vocal Sr, Novo González (BNG) di, non contesta o Sr. Alcade Pedáneo.

2ª. *¿Recibiron copia das alegacións ou algún tipo de notificación por parte da Xunta, con respecto os recursos presentados contra O Parque Eólico?.*

O vocal do BNG, Sr, Novo González di non contesta o Sr. Alcade Pedáneo, queda calado.

3ª. *Hai un depósito de auga en Parada, situado nunha finca privada. Temos entendido que o propietario da finca quere sacalo da súa propiedade e os veciños solicitaronlle un lugar no monte onde poder poñer o depósito novo, o cal vostede lles dixo que no monte non se pode instalar dito depósito, porque o BNG non deixa. Queremos informarlle de que en ningún momento dende o BNG nos negamos, pois coma ben sabe vostede, este tipo de casos se solucionan levando a pleno a proposta.¿Mediará vostede entre os veciños para chegares a un bo entendemento?.*

O vocal do BNG, Sr, Novo González di se queda calado, non contesta o Sr. Alcade Pedáneo.

4ª. *¿Vai vostede convocar os veciños para infomarlles da suspensión das Entidades Locais que prevé realizar o goberno central?.*

O vocal do BNG, Sr, Novo González di o Sr. Alcade Pedáneo, se cala non contesta.

Non habendo na máis asuntos que tratar o Sr. Presidente levanta a sesión, cando son as dezaseis horas do día ut supra. Dou fe.

